



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Contabilidade de Xestión	Código	611G02022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Rodriguez Lopez, Manuel	Correo electrónico	manuel.rodriguez.lopez@udc.es	
Profesorado	Enriquez Díaz, Joaquín Peón Pose, David Olegario Puime Guillén, Félix Rodriguez Lopez, Manuel	Correo electrónico	joaquin.enriquez@udc.es david.peon@udc.es felix.puime@udc.es manuel.rodriguez.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A Contabilidade de custos e a Contabilidade de xestión, da que forma parte, están detrás de calquera decisión ou estratexia da empresa. Custos e rendementos son elementos de información relevantes na toma de decisións na empresa e nas entidades sen ánimo de lucro; e coñecer a súa natureza, cálculo e influencia na decisión, son competencias básicas para calquer profesional que desexe manexarse axeitadamente na resolución de problemas de xestión.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Saber expresarse de xeito oral e máis escrito, empregando correctamente os conceptos básicos da materia: compra, custo, gasto, investimento, pago.	A4 A10	B1 B2 B4
Identificar as características dos ámbitos internos e externos da empresa, económico, social e ambiental, así como os modelos contables relacionados con estes.	A1 A2 A3 A11	B3	C6
Identificar os diferentes factores de produción de acordo coa súa natureza, función e comportamento	A6 A8		
Comprender os diferentes modelos de imputación de custos e as posibilidades de afectación e imputación dos mesmos aos portadores de custos en función daqueles. Identificar, calcular e interpretar conceptos tales como Centro de custo, Unidades equivalentes, Unidades técnicas e económicas, Unidades de obra, Capacidade, Tasa de Aplicación e Imputación racional de custos, Prezos de transferencia, custos ambientais. Isto permitirá poder redactar proxectos de xestión sustentables ou de áreas funcionais da empresa.	A5 A8 A11	B9	C1
Identificar, medir e valorar o emprego dos recursos na empresa, comprender as relacións entre recursos, procesos, outputs, e sustentabilidade, e interpretar os resultados obtidos.	A1 A4 A7 A11		
Identificar o sistema de custos mais axustado ás características do proceso productivo da empresa.	A1	B7	
Identificar os custos relevantes na toma de decisións a curto prazo e ser quen de xustificar a decisión tomada e saber traballar en equipo	A4 A6 A8	B6	C7 C8



Ser quen de interpretar e razoar as repercusións de calquera cambio nas unidades técnicas ou económicas, do nivel de produción, etc. no plantexamento inicial da situación.	A4 A8	B8	
Cálculo do custo estándar e relacionalo coa planificación e o control da actividade da empresa.	A4 A6 A11		
Saber aplica-los conceptos de contabilidade de maneira autónoma, crítica, transparente, responsable e desenvolver un espírito emprendedor nun entorno sustentable.	A9 A12	B5 B10	C4 C5

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Introducción á contabilidade de xestión	1.1. Contexto 1.2. Contabilidade financeira e contabilidade de xestión 1.3. Definición, obxectivo e fins 1.4. Importancia da información na contabilidade de xestión: os sistemas de información para a xestión
Tema 2. O cálculo do custo	2.1. Concepto e clasificación dos custos 2.2. O proceso productivo 2.3. Os factores de produción 2.4. Custos por seccións: o modelo de custo completo 2.5. O modelo de custo variable 2.6. Custos por actividades 2.7. Custos para valoración do inventario 2.8. Custos diferentes para sectores produtivos diferentes 2.9. A importancia da capacidade 2.10 O modelo de Custo racional
Tema 3. Análise custo-volume-beneficio	3.1. Supostos de partida e limitacións do modelo 3.2. Punto morto 3.3. Marxe de contribución e ratios 3.4. O problema da produción múltiple 3.5. Análise de sensibilidade
Tema 4. Planificación e control: coste estándar e introdución aos orzamentos	4.1. Natureza do custo estándar 4.2. Cálculo 4.3. As desviacións e a súa interpretación 4.4. O orzamento
Tema 5. Toma de decisións a curto prazo	5.1. O proceso de toma de decisións 5.2. Custos relevantes e toma de decisións 5.3. Decisións a curto prazo
Tema 6. Prezos de transferencia	6.1. Concepto 6.2. Valoración
Tema 7. Contabilidade ambiental	7.1. Contabilidade ambiental e desenvolvemento sostible 7.2. Información social e ambiental 7.3. Alternativas de presentación da información 7.4. Propostas de información de Organismos nacionais e internacionais
Tema 8. Contabilidade de Xestión en empresas comerciais e de servizos	8.1. Empresas comerciais 8.2. Empresas de servizos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	B10 C4 C7 C8	13	26	39
Proba mixta	A2 A3 A5 A8 A9 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B9 C1 C6	7	35	42
Solución de problemas	A1 A4 A6 A7 B1 B5 B6 B7 B8 C5	20	45	65
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Desenvolvemento dos conceptos teóricos e prácticos básicos da materia.
Proba mixta	Exame escrito no que o/a alumno/a terá que demostrar ter acadados os resultados de aprendizaxe; a proba incluírá teoría e práctica. Nas sesións de atención personalizada desenvolveranse titorías en pequeno grupo coa fin de aclarar as dúbidas que o alumnado poida ter cara á proba obxectiva.
Solución de problemas	Resolución de exercicios prácticos de aplicación dos conceptos teóricos básicos da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Titorías guiadas de 4 horas en grupos pequenos de alumnos antes do remate do cuadrimestre. Os horarios e o lugar no que se desenvolverán comunicaranse no seu momento.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A1 A4 A6 A7 B1 B5 B6 B7 B8 C5	Valorarase a participación do alumnado nas clases prácticas, na presentación de traballos, a calidade das súas opinións e aportacións, o traballo na aula e a presentación de pequenos problemas que terá que resolver por sí mesmo/a, ou en pequenos grupos, de xeito oral ou escrito; valorarase tamén a participación no Green Campus, a asistencia a conferencias organizadas por os responsables da materia, a Facultade, etc. e a presentación de resumos ou opinións sobre as mesmas.	30
Proba mixta	A2 A3 A5 A8 A9 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B9 C1 C6	Exame escrito que incluírá cuestións teóricas e/ou cuestións prácticas.	70

Observacións avaliación



A continuación especificanse os criterios para a avaliación na primeira e a segunda oportunidade.

Na primeira oportunidade a superación da materia precisará que o/a alumno/a teña sido valorado/a tanto na súa participación na avaliación continua (estudo de casos e solución de problemas), e na "proba mixta".

Segunda oportunidade: haberá unha "proba mixta" final cun peso do 100% da avaliación, que incluírá tanto cuestións teóricas como prácticas, e na que haberá de demostrar ter alcanzado as competencias e resultados de aprendizaxe da materia.

A cualificación na Segunda oportunidade será a maior entre as dúas seguintes:

- A cualificación obtida na "proba mixta" final (100%)
- A cualificación obtida na "proba mixta" ponderada ao 70%, máis a cualificación obtida na avaliación continua (30%).

Outras consideracións:

- Convocatoria adiantada: proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba mixta na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.
- Cualificación de non presentado. Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación que non supere o 20% da avaliación, con independencia da cualificación acadada.
- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Poderá escoller a súa avaliación co criterio xeral, ou optar por unha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba mixta na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia. A elección comunicárase ao profesorado da materia dentro do primeiro mes de actividade académica.
- Consonte a memoria de verificación dos graos da Facultade de Economía e Empresa, a asistencia a clase é obrigatoria, e terase en conta na avaliación final.

CONDICIÓN DE AVALIACIÓN:

- está prohibido o acceso ás aulas de exame con calquera tipo de dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, excepto naqueles casos nos que o profesorado responsable da materia así o estableza.
- O/a estudante haberá de identificarse antes do inicio da proba utilizando calquera dos medios aceptados pola Universidade da Coruña

Sexa cal sexa a convocatoria ou a dedicación do/a estudante, a cualificación mínima para obter un aprobado é de 5 (50%).

todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Tomás Escobar; Virginia Cortijo (2011). Fundamentos de Contabilidad de gestión. Pearson
 - AECA Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas (2003). Contabilidad de Gestión para la toma de decisiones.
 - García Suárez, José Luis (coordinador) (2012). Cálculo, análisis y gestión de costes. Delta publicaciones
 - Will Seal et al. (2015). Management accounting. McGraw Hill education
 - García Suarez, José Luis (director) (2014). Cálculo de costes y control de gestión 70 casos de aplicación práctica. Delta publicaciones
 - Moscoso, Philip; Lago, Alejandro (2016). Gestión de operaciones para directivos. McGraw Hill Education
 - Somoza López, Antonio (2016). Contabilidad social y medioambiental. Pirámide
 - Fernández Iparraguirre, José Luis (2014). El modelo de costes en empresas comerciales y de servicios. ESIC Editorial
 - Kaplan, Robert S. (2008). Costes basados en el tiempo invertido por actividad: una ruta segura hacia mayores beneficios. Deusto
 - Jones, Michael (2013). Accounting. Wiley & sons
- A bibliografía poderá ser actualizada en calquera momento por mor da inclusión de novos textos que o profesor considere axeitados para o alumnado.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ripoll Feliu, Vicente M., coord. Alcoy (2011). Contabilidad analítica -- Problemas y ejercicios.. Barcelona: Profit- Sáez Torrecilla, Ángel. (). Contabilidad de costes y contabilidad de gestión. Madrid : McGraw-Hill- Catalina Vacas Guerrero ... [et al.] (2009). Fundamentos de contabilidad de costes y de gestión: una visión práctica . Collado Villalba : Delta- Carlos Mallo, María Ángela Jiménez Montañés (2009). Contabilidad de costes. Madrid : Pirámide- Muñoz, Clara; Zornoza, Javier; Veuthey Eloy (2008). Introducción a al contabilidad de costes para la gestión. TME Tratados y manuales de empresa
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informáticob. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías